

Concurso fotográfico:
Recursos históricos e naturais da Eurocidade
Normas do concurso

1º.- Obxectivo

Despertar o interese pola fotografía, e coñecer os recursos históricos e naturais do Concello.

2º.- Tema

Libre nos procedementos técnicos a empregar, deberá obedecer ao tema xenérico 'Recursos históricos e naturais da Eurocidade'.

3º.- Destinatarios

Nenos/as e mozos/as con idades entre os 6 e 15 anos.

4º.- Traballos

Os traballos a concurso serán individuais. Non está permitida a fotografía manipulada. Os traballos poderán entregarse en papel fotográfico (dimensións de 20 cm x 15 cm) ou en formato dixital a través dun CD. Cada participante poderá participar con tres exemplares.

5º.- Prazos e formas de entrega

Os traballos a concurso deberán entregarse no Gabinete de Apoio Técnico da Eurocidade -Concello de Verín- e no Centro de Recursos Educativos de Chaves - Centro Cultural de Chaves-, ata o 16 abril de 2010, nun sobre pechado, onde no reverso de cada traballo ten que colocarse o título, pseudónimo co que participa (será o mesmo para todos os traballos), un segundo sobre, pechado, indicando no exterior o pseudónimo do participante e no seu interior: nome completo, data de nacemento, enderezo e teléfono.

6º.- Premios

O/a vencedor/a recibirá unha cámara fotográfica.

7º.- Xurado

O xurado será constituído por:

- Representante do Gabinete da Eurocidade
- Representante dos colexios de Chaves
- Representante dos colexios de Verín
- Representante da Cámara de Chaves e Concello de Verín

8º.- Utilización dos traballos

Logo da avaliación dos traballos e entrega de premios os traballos pasan a ser propiedade da Eurocidade.

9º.- Resultados

Os resultados do concurso serán publicados na Axenda cultural da Eurocidade correspondente ao mes de maio, indicándose igualmente o lugar e data da exposición de todos os traballos que terá lugar nos meses de maio e xuño no Municipio de Chaves e Concello de Verín.

10º.- Decisións do Xurado

Todas as propostas deberán cumprir o procedemento indicado, en caso contrario serán eliminados do concurso. As decisións do xurado non poderán ser obxecto de recurso.